

CONVOCATORIA DA ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL A XORNADA PARCIAL DE MONITORES/AS DE TEMPO LIBRE

EXERCICIO 1º

- 1) **Debe o/a monitor/a adaptar os xogos ás persoas, segundo as súas características?**
 - A) Non, os xogos teñen unhas regras, as cales hai que cumprir estritamente, para que estes sexan eficaces.
 - B) Non, débense adaptar as persoas aos xogos.
 - C) Si, o/a monitor/a debe coñecer un amplo número de xogos e adaptalos ás persoas segundo as súas características.

- 2) **Unha das seguintes afirmacións non é correcta:**
 - A) O xogo é unha actividade natural do home que lle proporciona pracer e satisfacción.
 - B) O xogo serve como medio de animación para calquera idade.
 - C) O xogo ten un grande inconveniente, que non axuda a desenvolver as facultades físicas e psíquicas das persoas.

- 3) **Débense clasificar os xogos pola súa tipoloxía?**
 - A) Si, basicamente para permitir diferenciar tipos de xogo que faciliten ao/a monitor/a a elección destes.
 - B) Clasificar os xogos por tipos permite establecer características propias dun determinado tipo de xogos, coas súas vantaxes.
 - C) Todas as respostas anteriores son válidas.

- 4) **Atendendo á clasificación das técnicas de animación de grupos. Cal é o obxectivo das técnicas de coñecemento?**
 - A) Favorecer o mutuo coñecemento dos membros do grupo, potenciar a autoestima e coñecemento persoal e crear un clima de confianza grupal.
 - B) Facilitar a elaboración e desenvolvemento das actividades.
 - C) Ensinar aos membros do grupo a enfrontarse a problemas dunha forma creativa.

- 5) **A que nos estamos a referir cando dicimos: todo xogo require unha explicación previa para asentar as súas bases, aínda que xa sexa coñecido polos/as xogadores/as.**
 - A) Á finalización do xogo.
 - B) Ao desenvolvemento do xogo.
 - C) Á explicación do xogo.

- 6) **Basicamente, por que se caracteriza un gran xogo?**
 - A) Porque ten moitas regras e é complicado de xogar.
 - B) A súa característica principal é que só se pode xogar no exterior.
 - C) Dura máis do habitual e comparte un gran número de persoas e equipos.

- 7) **Cal é a secuenciación lóxica que debe ter en conta o/a monitor/a no proceso do xogo?**
 - A) Desenvolvemento-Finalización-Explicación.
 - B) Finalización-Desenvolvemento-Explicación.
 - C) Explicación-Desenvolvemento-Finalización.

- 8) **Unha das seguintes afirmacións non é correcta:**
 - A) No desenvolvemento do traballo de monitor/a de tempo libre está a posibilidade de experimentar como viven e evolucionan os grupos, incluso participar na formación deles.
 - B) Cunha boa dinámica de grupos acadarase un gran competitividade.
 - C) No desenvolvemento do seu traballo, nos campamentos de verán, o/a monitor/a de tempo libre ten unha gran responsabilidade.

- 9) **Débese ter en conta no momento de trazar uns determinados obxectivos as idades dos membros dos grupos cos que vaíamos a traballar?**
 - A) É indistinto, o importante é trazar os obxectivos.
 - B) Non teremos en conta as idades dos membros do grupo.
 - C) É fundamental distinguir ben os distintos grupos de idade.

CONVOCATORIA DA ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL A XORNADA PARCIAL DE MONITORES/AS DE TEMPO LIBRE

EXERCICIO 1º

- 10) Primeiro día de campamento, hai 30 nenos/as de 8 a 10 anos. Cita a secuenciación máis lóxica a levar a cabo.
- A) Breve explicación en que vai a consistir o campamento - Normas básicas de comportamento e seguridade - Xogo de presentación.
 - B) Ruta de sendeirismo -Xogo de presentación - Gran xogo.
 - C) Xogos con paracaídas - Xogos populares - Ruta de sendeirismo.
- 11) Que características debería ter o/a dinamizador/a?
- A) Ser observador/a, analítico/a, crítico/a.
 - B) Ter un coñecemento preciso do grupo, saber dialogar, comunicarse e expresarse.
 - C) Todas as respostas anteriores son correctas.
- 12) Por que é tan importante a posición lateral de seguridade?
- A) Porque non presiona o tórax e mantén aberta a vía aérea.
 - B) Porque evita a aspiración se a vítima vomita.
 - C) Todas as respostas anteriores son correctas.
- 13) As lesións producidas nos tecidos pola acción do calor chámanse:
- A) Insolación.
 - B) Golpe de calor.
 - C) Queimaduras.
- 14) Unha das seguintes afirmacións non é certa:
- A) A insolación produce unha gran suoración
 - B) Unha picadura de avésa pode chegar a producir náuseas, vómitos, dor abdominal, síncope e convulsións nos casos máis graves.
 - C) Para o control de hemorragias a técnica máis usada é o torniquete.
- 15) Que é a manobra de Heimlich?
- A) Manobra de desobstrución das vías aéreas realizando compresións abdominais.
 - B) Un tipo de respiración artificial.
 - C) Manobra de control de hemorragias.
- 16) En que parroquia se sitúa o pavillón Xosé Lago?
- A) Louro
 - B) Muros
 - C) Esteiro
- 17) A praia do Castelo sitúase na parroquia de...
- A) Abelleira
 - B) Tal
 - C) Muros
- 18) Cal das seguintes praias se encontra na parroquia de Esteiro?
- A) San Francisco
 - B) Bornalle
 - C) Parameán
- 19) O lugar de Campo de Cortes pertence á parroquia de:
- A) Serres
 - B) Muros
 - C) Louro
- 20) Cal das seguintes praias non se encontra na parroquia de Muros:
- A) Virxe
 - B) Castelo
 - C) A Rocha

CONVOCATORIA DA ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL A XORNADA PARCIAL DE MONITORES/AS DE TEMPO LIBRE

EXERCICIO 1º

RESERVA

21. En que lugar se sitúa a casa do Concello de Muros?

- A) Curro da Praza
- B) Praza do Cristo
- C) Praza de Galicia

22. O lugar onde se sitúa o pavillón de Muros coñécese como:

- A) Campo de Cortes
- B) Miraflores
- C) Alivía

23. Cal das seguintes áreas recreativas non se encontra na parroquia de Louro:

- A) Saxeiras
- B) Agrovello
- C) Ancoradoiro